

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2026-0067, do 10 de febreiro de 2026, aprobáronse as bases reguladoras para a contratación temporal por circunstancias da produción dun/ha auxiliar administrativo/a de Servizos Sociais mediante o sistema de concurso-oposición libre.

O 18 de febreiro de 2026, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 33 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>).

Rematado o prazo de presentación de instancias de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e en cumprimento do disposto no apartado oitavo das Bases que rexen o proceso selectivo, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas pola lexislación vixente, e en concreto, polos apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e provisionalmente excluídos/as en dito proceso selectivo, con indicación das causas de exclusión, quedando como segue:

- **ADMITIDOS/AS:**

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
1	AROSA PENÍN ESTEFANÍA	***8029**	SI
2	BARREIRO VÁZQUEZ MIRIAM	***4393**	SI
3	DÍAZ GONZÁLEZ ELISEO	***2411**	SI
4	ESTÉVEZ GARCÍA SUSANA	***1398**	SI
5	GONZÁLEZ VILAR ANTÍA	***9142**	SI
6	MUÑOZ LEIRO ARTURO	***2625**	SI
7	NAVARRO BELOSO VANESSA	***1263**	SI
8	POSE REY SOFÍA	***4321**	SI
9	SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ	***7323**	SI
10	SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	***6722**	SI

- **EXCLUÍDOS/AS:**

	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	GÓMEZ SEGADE MIRTA	***4093**	Por non presentar o xustificante do pagamento dos dereitos de exame ou non acreditar o pago da taxa por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes



SEGUNDO.- Informar que, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, os/as interesados/as poderán presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións no prazo de dous (2) días hábiles, contados dende o día seguinte da publicación desta Resolución no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<https://meis.sedelectronica.gal>]

TERCEIRO.- Rematado o prazo de corrección de defectos das solicitudes e resoltas as alegacións, se as houbese, ditarase resolución pola que se aprobará a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, indicándose igualmente o lugar e data de comezo do exercicio tipo test así como a composición do Tribunal, publicándose anuncio no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Meis [<https://meis.sedelectronica.gal>].

En todo caso deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da primeira proba e a realización da mesma.

CUARTO.- Ordenar a publicación desta resolución no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis [<https://meis.sedelectronica.gal>] e, de forma complementaria, na páxina web do Concello.

Significar que a publicación desta resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

QUINTO.- Contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite que non decide directamente nin indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, nin produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, non se pode interpoñer ningún recurso en virtude do que establece o artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do dereito de presentar alegacións ou emendar defectos no prazo outorgado.

SEXTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa– Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

